

SERVIZOS CENTRALIZADOS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A Administración xeral do Estado ofrece de forma centralizada varios **servizos que implican un retroceso no uso do galego polas administracións públicas**, especialmente as administracións locais e a Administración autonómica. Estes servizos centralizados son os seguintes:

1. A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS):
<http://www.pap.minhafp.gob.es/bdnstrans/GE/gl/index>
2. O Taboleiro Edictal Único (TEU), que se publica na sección de notificacións do BOE.
3. O Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE): <https://face.gob.es/gl>

Esta problemática tratouse nunha conferencia dos XIX Encontros para a Normalización Lingüística (<http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200556>), en abril de 2017. Tres técnicas dos concellos de Vigo e Pontevedra, Margarita Parajó Calvo, María del Carmen Pazos Area e Alicia Paula Otero González, elaboraron unha análise sobre o que supón algunhas destas ferramentas para as administracións locais. A conferencia e o coloquio posterior poden consultarse nos seguintes enlaces:

- Vídeo da conferencia: <https://www.youtube.com/watch?v=lkMAZH6FrD4>
- Vídeo do coloquio: <https://www.youtube.com/watch?v=EsB30vSDwAM>

Na conferencia cítanse as seguintes leis e documentos normativos para contextualizar o problema:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (estatal)
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (estatal)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (estatal)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (estatal)
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (galega)
- Lei 15/2014, do 16 setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (estatal)

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (estatal)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (estatal)
- Resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE do 15 de decembro de 2015)

1. A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

En que consiste?

É unha **plataforma estatal de publicidade das convocatorias de subvencións e axudas públicas**, onde todas as administracións están obrigadas a publicar a información relativa ás súas convocatorias. O uso obrigatorio desta plataforma entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016. Da comunicación á BDNS por parte das administracións públicas depende a validez e a eficacia da convocatoria; polo contrario, a non publicación na plataforma pode supor a anulabilidade das convocatorias. Alén disto, os prazos das convocatorias dependen exclusivamente da BDNS; é dicir, aínda que as administracións publiquen anuncios nos boletíns oficiais da respectiva provincia ou comunidade ou nas súas sedes electrónicas, os prazos márcalos a BDNS.

As administracións deben enviar a información completa das súas convocatorias (bases, formularios e extracto) **obrigatoriamente en castelán; o envío en galego ou nas outras linguas cooficiais é só opcional**. O extracto despois é remitido pola propia BDNS ao boletín oficial correspondente e é entón cando comeza a transcorrer o prazo para que a cidadanía conorra ás axudas. A BDNS envía os extractos ou só en castelán (se lles chegaron unicamente nesta lingua) ou en castelán e en galego (nesta orde, pois só a primeira é a lingua obrigatoria de remisión). E logo estes textos son publicados xeralmente desta forma nos boletíns provinciais: só en castelán ou primeiro en castelán e logo en galego.

Achegamos algúns exemplos de publicación de extractos nos boletíns oficiais das provincias da Coruña e Pontevedra no mes de abril de 2018:

- Extracto do IX Concurso de carteis das letras galegas do Concello de Betanzos (castelán e galego):
http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/04/19/2018_0000002736.html
- Extracto da convocatoria de subvencións a entidades culturais, deportivas, educativas e deportistas individuais do Concello da Laracha (só castelán):
http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/04/19/2018_0000002735.html
- Extracto da convocatoria de axudas ás familias usuarias do transporte escolar do Concello de Ribeira (só castelán):
http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/04/19/2018_0000002758.html
- Extracto da convocatoria de axudas para a rehabilitación de vivendas do Concello de Mugardos (só castelán):
http://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/04/20/2018_0000002768.html
- Extracto da convocatoria do concurso dos maios do Concello de Redondela (só en castelán): <http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/06/2018011536>
- Extracto da aprobación da convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2017/2018, do Concello de Vigo (castelán e galego): <http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/19/2018015423>
- Extracto do certame “Ben veñas, maio” do Concello de Pontevedra (castelán e galego): <http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/16/2018013998>
- Extracto do concurso dos maios do Concello de Pontevedra (castelán e galego): <http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/16/2018014111>
- Extracto das bases da convocatoria do III Plan Becas Municipais do Concello de Nigrán (castelán e galego): <http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/16/2018013997>
- Extracto da convocatoria do concurso de carteis do “Día da Terra” do Concello de Bueu (só castelán): <http://www.boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/04/20/2018015035>

Que supón a BDNS para as administracións públicas?

Nas administracións locais, as persoas responsables de remitir as convocatorias á BDNS son as/os interventoras/es. A entidade que dita as instrucións sobre como deben enviar a

información as/os interventoras/es é a Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Resolución do 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE do 15 de decembro de 2015). No artigo 4.2 desta resolución indícanse os requisitos lingüísticos de envío (a letra grosa é nosa):

O órgano xestor subministrará á BDNS en todo caso:

- a) **O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.***
- b) **O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.***
- c) **Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado.***
Entre eles figurará o diario oficial en que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto **nunha segunda lingua oficial.***
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións para cubrilos, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.*

A través dunha instrución obrígase as administracións públicas que tiñan xa o hábito de realizar a tramitación das convocatorias das súas axudas públicas en galego a que modifiquen a maneira de traballar e retrocedan no proceso de extensión do uso e prestixio da lingua galega. De novo, **a lingua galega pasa a ser secundaria neste tipo de tramitacións** e a Administración xeral do Estado, saltando a xerarquía normativa, emprega unha **resolución para dificultar o labor de fomento do uso e do prestixio da lingua que deben exercer as administracións públicas galegas**, responsabilidade que lles corresponde de acordo con varias leis galegas (a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, ou a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

Por outra parte, o artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, indica que **o uso da lingua nos procedementos**

administrativos se axustará á lexislación autonómica correspondente. Este artigo só obriga á tradución ao castelán dos documentos e expedientes cando deban producir efectos fóra da comunidade autónoma correspondente. Ningunha das convocatorias que se citaron máis arriba ten efectos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, pois corresponden a axudas públicas dirixidas a cidadáns residentes nos concellos convocantes. Daquela, de acordo coa Lei 39/2015, non debería ser necesario traducilas ao castelán.

As explicación sobre a necesidade de remitir a documentación en castelán á Base de Datos Nacional de Subvencións vén recollida nun documento de preguntas frecuentes sobre o funcionamento da plataforma (a versión de setembro de 2017 pode consultarse nesta ligazón: <https://i.gal/00ZNH>). No artigo 1.9 figura o seguinte (a letra grosa é nosa):

1.9 Información en linguas cooficiais

Por que os órganos de administracións públicas con linguas cooficiais deben remitir a información en español?

*Existen varias razóns. En primeiro lugar, os destinatarios do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (SNPS) son todos os cidadáns, e para que se cumpra o principio de transparencia a información debe ser comprensible por todos. **A lingua común é o español ou castelán.** Todos os cidadáns teñen a obrigaón de coñecela e o dereito a usala. Se a información daquelas rexións onde existen linguas cooficiais se rexistrase só nestas últimas, estaríase a privar os cidadáns do resto de comunidades do coñecemento e información a que teñen dereito.*

*En segundo lugar, os usuarios da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) están presentes en todas as administracións públicas: local, autonómica e estatal. **A lingua común constitucional de todos eles é o español ou castelán. Se só se rexistrase en linguas cooficiais, estaríase a “escurecer” o contido dunha parte da BDNS e a imposibilitar o cumprimento dos seus fins (a loita contra a fraude, e a mellora dos procedementos de xestión de subvencións).***

Se non dispomos da información nunha lingua común, como se implantaría a procura de concorrencias, inhabilitacións, situacións de sobrefinanciamento, control de minimis? Se isto non fose así, a BDNS sería ineficaz.



En terceiro lugar, unha parte dos datos da BDNS debe ser transferida á Comisión Europea, e isto obriga a utilizar un dos 24 idiomas oficiais da UE, pois son os únicos admitidos para o envío de información á Comisión. O único idioma, dos oficiais en España, que á súa vez é oficial na UE é o español ou castelán.

Pero a BDNS respecta os dereitos lingüísticos de todos, e para amparar estes dereitos permite recoller todos os textos e elementos de información en español e nunha segunda lingua cooficial alí onde así estea previsto. Os cidadáns desas comunidades poderán informarse na lingua da súa elección.

Ademais, a publicidade das subvencións na BDNS e SNPS (www.infosubvenciones.es) non exclúe a publicidade por outros medios, e noutras linguas, se así for oportuno. Por exemplo, un concello, en consideración ás súas porcentaxes de poboación inmigrante, pode dar publicidade ás convocatorias e ás concesións a través do seu sitio web (ou outro) noutro idioma (p. ex., guaraní, árabe, romanés ou uzbeko). Pero na BDNS tena que rexistrar, polo menos, en español.

Consecuencias no uso do galego polas administracións públicas

Un sistema centralizado de publicidade de axudas públicas con estas características **prexudica** non só **o traballo interno da Administración**, senón **tamén o conxunto da cidadanía**, pois afecta a actividade administrativa de fomento, que é unha das de maior visibilidade pública. As convocatorias de subvencións e axudas públicas son accións que segue habitualmente a cidadanía, permiten traballar co tecido asociativo, e teñen unha capacidade de influencia social ampla.

A BDNS tal e como está concibida **prexudica o status e o uso da lingua galega** nas administracións públicas pois os requirimentos lingüísticos desta plataforma provocan que **o galego** pase a ser considerada **lingua secundaria e opcional** neste tipo de procedementos. Para o persoal das administracións que tramita con naturalidade este tipo de expedientes en galego, a súa tradución ao castelán supón unha **maior carga de traballo**, unha especie de **castigo por termos unha lingua propia e cooficial**. Con todo, este non é o problema maior, pois é máis grave que moito do persoal xa opte por empregar na tramitación das axudas públicas directamente o castelán, única lingua obrigatoria e necesaria para que teñan validez e eficacia, o que supón un retroceso de trinta anos de normalización lingüística no traballo cotián das administracións públicas.

Esta centralización tamén ten **consecuencias lingüísticas no funcionamento interno da Administración autonómica**, pois os distintos departamentos de consellerías que xa tramitaban e redactaban os seus textos habitualmente en galego agora ven vantaxes en tramitar e redactar en castelán e logo utilizar un tradutor automático para obter a versión en galego. Só o traballo posterior do Servizo de Tradución da Consellería de Presidencia, que revisa ambas as versións antes de envialas á BDNS, permite que os textos en galego teñan unha boa calidade lingüística. Se dependese de moitos dos departamentos que tramitan as axudas, o texto en galego, por ser secundario e totalmente prescindible para a BDNS, podería ser produto dun tradutor automático.

Por outra parte, **a cidadanía**, destinataria en definitiva das axudas públicas, cando observa nos boletíns oficiais da provincia extractos só en castelán ou bilingües onde o galego aparece como idioma secundario, **recibe unha mensaxe contraditoria sobre as responsabilidades en normalización lingüística das administracións públicas**. A lexislación galega obriga os poderes públicos de Galicia a **promover o uso e o prestixio da lingua** en todos os ámbitos sociais e especialmente nas súas relacións coa cidadanía, pero a BDNS dificulta exercer este mandato e inhabilita os avances no proceso de normalización lingüística nas entidades locais que se foron consolidando con moito esforzo nos últimos anos.

Así mesmo, **esta nova plataforma deslexitima o traballo técnico dos servizos de normalización lingüística (SNL)**, pois transmite unha mensaxe que mingua o status do galego como lingua de prestixio e de relación coa cidadanía. Os SNL teñen entre as súas funcións “asesorar a Administración en todo o relacionado coa promoción da lingua galega” e “planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade”. Dificilmente os SNL e as organizacións das que dependen van poder transmitir coherencia no labor de normalización da lingua se se ven obrigados a dar publicidade en castelán ás axudas dirixidas ao seu ámbito de influencia, mesmo en cuestións de promoción da lingua galega (por exemplo, na convocatoria do certame “Ben veñas, maio” do Concello de Pontevedra ou nas axudas da Deputación Provincial da Coruña para a creación, mantemento ou reforzo de SNL nas administracións locais).

2. O Taboleiro Edictal Único (TEU)

En que consiste?

É un **servizo centralizado de notificacións a particulares ausentes ou descoñecidos**. Supón que as notificacións deben publicarse no BOE, na sección chamada “Notificacións”. Antes da Lei 15/2014, do 16 setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, estas notificacións facíanse a través dos boletíns oficiais da provincia e podían publicarse en galego. O Taboleiro Edictal Único é obrigatorio para as administracións públicas desde o 1 de xullo de 2015.

Que supón o TEU para as administracións públicas?

A plataforma para mandar as notificacións ao Taboleiro Edictal Único obriga a enviar as notificacións en castelán e, opcionalmente, permite o envío tamén en galego. Á hora de publicárense as notificacións no BOE primeiro aparece o texto en castelán e, se se manda versión tamén na outra lingua oficial, esta figura en segundo lugar.

Consecuencias no uso do galego polas administracións públicas

As consecuencias son parellas ás da BDNS: moitos concellos galegos xa só redactan e envían as notificacións en castelán, co conseguinte retroceso do traballo na nosa lingua e de promoción do seu uso. Abonda con consultar as publicacións das entidades locais galegas na sección de notificacións do BOE para reparar en que se fan case na súa totalidade só en castelán.

No caso da Administración autonómica, envíase en dupla versión porque se traducen no Servizo de Tradución da Consellería de Presidencia co fin de publicalas tamén no *Diario Oficial de Galicia*. Mais o requisito de que a publicación sexa só en castelán tamén provoca que se estea retrocedendo na tramitación en galego nos diferentes departamentos da Administración autonómica.

Obviamente, as consecuencias xerais para o proceso de normalización da lingua galega son un grave retroceso no exercicio das responsabilidades efectivas das administracións públicas na promoción do uso e prestixio da lingua propia de Galicia.

3. O Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE)

En que consiste?

É unha plataforma para que as empresas adjudicatarias de servizos e subministracións envíen ás administracións públicas as súas facturas electrónicas. Tamén permite consultar o estado de tramitación das facturas presentadas. Salvo as administracións con máis recursos, que poden crear unha plataforma específica para elas, a maioría das entidades locais de Galicia empregan esta plataforma do Goberno central.

Ten versión nas linguas cooficiais na súa interface externa. Pero, cando se entra nas diferentes páxinas da plataforma e se comeza a traballar con ela, a maioría das explicacións aparece só en castelán. Por outra parte, os formularios de remisión de facturas están unicamente en castelán.

Consecuencias na promoción do uso do galego polas administracións públicas

Esta plataforma, que emprega principalmente o tecido empresarial, tamén **deixa nun lugar secundario a nosa lingua**. Xa desde a Lei de normalización lingüística (ano 1983), as administracións públicas teñen responsabilidade no fomento do uso e do prestixio da lingua nas actividades mercantís e nas relacións socioeconómicas. Pero, tendo como escaparate unha plataforma de facturación electrónica que reduce o valor da lingua galega a algo anecdótico e accesorio, as administracións dificilmente poden transmitir unha mensaxe coherente de fomento do uso e do prestixio da lingua no ámbito económico.